



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE MARIN PARA A EXPLOTACION DO INMOBLE NO PORTO DE AGUETE

En Santiago de Compostela, a 21 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. José Juan Durán Hermida, presidente do ente público Portos de Galicia, con domicilio a efectos deste convenio na Praza de Europa, núm. 5A, 6º, de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 6.3g) da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e o artigo 9h) do Decreto 227/1995 polo que se aproba o regulamento do ente.

Doutra parte, o Sra. Maria Ramallo Vázquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Marín, con domicilio aos efectos deste convenio na Avda. Ourense, s/n ;36900 Marín (Pontevedra), facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e autorizados polos artigos 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG do 5 de agosto), cando regula os convenios de cooperación coas entidades locais para os efectos dunha mais eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para a firma deste convenio e para o efecto.



EXPOÑEN

A entidade Pública Portos de Galicia dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar-Xunta de Galicia, segundo o artigo 2 da súa lei de creación 5/1994, do 29 de novembro, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións e servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as futuras ampliacións.

No artigo 3.2 da antedita Lei 5/1994, dispónse que entre as súas funcións Portos de Galicia, asumirá o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación portuaria e construción portuarias.

De acordo con estas funcións, a promoción a través da competitividade e calidade dos portos, procurando a busca de novos e potenciais usuarios dos seus servizos portuarios así como, rentabilizando os investimentos, pode reverter importantes beneficios tanto directos a través do uso das instalacións e servizos portuarios coa correspondente reversión de ingresos por taxas portuarias, como indirectos tales como o incremento da actividade turística na zona de localización do porto coa correspondente xeración da renda inducida, estimulando o fluxo de mercadorías e pasaxeiros nos portos.

Así mesmo, o ente público Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica, polo que está así mesmo interesado no mantemento de dito inmovible.



Dado que os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que supón unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo o seu uso fundamentalmente aberto ao público e ao núcleo urbano, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Marín para a adopción conxunta das referidas medidas.

O ente público Portos de Galicia dispón no porto de Aguite dun inmovible que esta ubicado no porto.

O concello de Marín, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para o desenvolvemento de actividade de formación, educación e cultura, interesou a disposición do inmovible arriba referenciado, en beneficio da poboación concentrada no entorno do porto, o que suporá a mellora da funcionalidade do inmovible na interacción porto- cidade.

En data 19 de febreiro de 2015, o pleno da corporación municipal do Concello de Marín, en sesión extraordinaria, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Marín, para a explotación do inmovible no porto de Aguite, destinado a usos educativos, formativos e culturais, no que se establecen as bases de colaboración na disposición polo Concello de Marín do inmovible, emprazado no porto de Aguite.

Con data 19.02.2016, remítese a Portos de Galicia, o escrito da Asociación de Pescadores Chirleu, respecto da denuncia do local con anterioridade á aprobación do convenio anteriormente mencionado pro parte do Pleno da Corporación.



A renuncia foi acordada por esta asociación con carácter previo á aprobación deste convenio, e en consecuencia xa non son os titulares da mesma por expresa renuncia de data 18 de maio de 2015.

En data 1.12.2016 o Concello de Marín presenta a documentación antes mencionada para que se recoñeza que é o Concello de Marín a entidade responsable da explotación do citado inmovible dende a aprobación do convenio de colaboración.

Considerando que na actualidade non se constata un uso mais prevalente portuariamente para este inmovible, estimase posible a realización deste convenio.

En definitiva, o presente convenio suporá un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o seu contorno urbano inmediato.

Xa que logo, tendo en conta o propio fundamento do convenio, sustentado na súa finalidade de promoción de actividades de interese xeral a través da concorrencia dun acordo consonte de vontades orientado á coparticipación no desenvolvemento de determinadas actividades de interese común por ámbalas partes que o subscriben, faise preciso a celebración do presente convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en establecer as bases de colaboración na disposición polo Concello de Marín do inmovible emprazado no porto de Aguete, destinado a usos educativos, formativos e culturais. Xuntase plano de situación e descritivo do inmovible.



SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE MARIN

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Marín obrígase ao seguinte:

1.- Manter a dotación do inmovible co equipamento necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e dotalo de calquer nova necesidade de equipamento que xurda e precise.

2.- O uso que o Concello de Marín dará o inmovible será educativo, formativo e cultural a desenvolver polo propio Concello, e excluindo expresamente posibles usos comerciais do local. Calquera cambio de uso que se pretenda por parte do Concello de Marín, debera ser previamente autorizado polo Ente Publico Portos de Galicia.

3.- O Concello de Marín asume a obriga de sufragalos gastos de adecuación do inmovible aos fins do mesmo, debendo presentar a tal efecto o correspondente proxecto de obras que será autorizado por Portos de Galicia.

4.- Así mesmo, asume o custo de mantemento, conservación e reparación, ordinarios e extraordinarios das instalacións e comprométese ó aboamento de tódolos gastos derivados do normal uso e funcionamento das instalacións, incluíndo o subministro eléctrico, auga, etc.

5.- En todo caso a realización de calquera actuación de mantemento ou doutro tipo sobre as instalacións requirirá autorización previa de Portos de Galicia.



TERCEIRA. COMPROMISOS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

O ente público Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1. Pon a disposición do convenio de Marín, e sen que esto implique cesión patrimonial de ningún tipo, nin implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin cambio na cualificación xurídica e adscrición dos bens, a instalación de inmobile- antiga vivenda emprazada no porto de Marín, manténdose prevalentemente tódalas facultades que pola súa condición de dominio publico portuario ostenta sobre a instalación obxecto deste convenio.

2.- Autorizaralle ao Concello para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

3.- Aplicación da exención das taxas de ocupación de dominio publico portuario do inmobile por actividades propias das finalidades públicas do Concello de Marín, sempre que estas non sexan obxecto e explotación económica, en base ao artigo 40.j da Lei 6/2003 de 9 de decembro, de taxas, prezos y exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, debendo xustificar o Concello de Marín cada ano o cumprimento dos requisitos establecidos para o cumprimento desta exacción.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.



A comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vocais, dous nomeados polo Concello de Marín e outros dous polo ente público Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia para o seguimento do cumprimento das obrigas de conservación, mantemento e demais obrigas sucesivas á execución das obras, os membros integrantes da comisión por Portos de Galicia son os seguintes:

- O xefe da Zona Sur de Portos de Galicia
- O celador gardapeiraos do porto de Aguete.

QUINTA. INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para interromper este.

No caso de extinción anticipada do convenio, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue: remataranse as obras ornamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar. Así mesmo executaranse as obras aínda non iniciadas pero xa ornamentadas.

De calquera xeito, e de se-lo caso, o concello de Marín antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ó seu estado, uso e protección.

No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas, por causa imputable o Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.



SEXTA. RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SETIMA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade do Concello de Marín responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio, engadindo os danos que se deriven do acceso e permanencia de terceiros nas instalacións.

OITAVA. - PUBLICIDADE.

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no



Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Marín e Portos de Galicia consinte expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

NOVENA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Os convenios, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. A estes efectos son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos tasaranse contraditoriamente polas partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DECIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura, estendendo a súa vixencia polo tempo máximo de 4 anos, agás unha única prórroga expresa por un máximo de 4 anos.

En todo caso, considerando un prazo necesario para que o Concello obtería utilidade das inversións de acondicionamento da zona, unha vez transcorridos dous anos, Portos de Galicia poderá desistir e abocar para si as instalacións en calquera momento cun preaviso de tres meses. Así mesmo o Concello poderá desistir transcorridos os dous primeiros anos, cun aviso previo de tres meses de antelación.

UNDECIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Concello de Marín e Portos de Galicia en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seo da comisión de seguimento, someteranse ó coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerase polas súas cláusulas, polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de



Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), pola Lei 1/2016, do 12 de febreiro de transparencia e bo goberno e pola demais normativa que resulte de aplicación

O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran suscitarse como consecuencia do mesmo.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O PRESIDENTE DO
ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA

A ALCALDESA-PRESIDENTA
DO CONCELLO DE MARIN

José Juan Durán Hermida

Maria Ramallo Vázquez